



Autorización ganchos xabaril	<b>TECOR PORTAS</b> <b>Manuel Martínez Casal</b> <b>Rapeira, 26</b> <b>36658 PORTAS</b>
------------------------------	--

Vista a solicitude formulada polo titular do TECOR que arriba se indica, e conforme ó establecido na Orde Xeral de Vedas da Consellería do Medio Rural do 07/06/11 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2010-2011, por parte do Servizo Provincial de Conservación da Natureza de Pontevedra.

**AUTORIZÁSE A REALIZACIÓN DE GANCHO Ó XABARIL** baixo as seguintes condicións.

I.-TECOR e Sociedade organizadora: **TECOR PORTAS PO - 10.104**

II.- Calendario de ganchos e número de cuadrillas

MES	DIA	NºDE CUADRILLAS/DÍA
Agosto	20-27	1
Setembro	3-10-17	1
Outubro	1-8-15-29	1
Novembro	12-19-26	1
Decembro	10-17	1
Xaneiro	14-21	1
Febreiro	4-11-12-18-19	1

III.- Notificación ó Servizo Provincial de Conservación da natureza.

Co obxecto de confirmar a celebración das cacerías e lugar de reunión ou partida, o seu responsable antes do comezo da mesma debe poñerse en contacto cos axentes da zona, chamando ao teléfono 660 682 464 ou 660 682 450

O organizador poñerá así mesmo en coñecemento da Garda Civil local os datos referentes a celebración do gancho.

IV.- Documentación en poder do responsable

Esta autorización ou copia dela, firmada e selada, así como unha relación de participantes (nome, apelidos, DNI e sinatura), obrará en poder do responsable do gancho en todo momento na realización deste. O responsable deberá ter as listas feitas e asinadas por cada participante no momento da colocación dos cazadores nos postos.

V.- Requisitos dos participantes

Numero de participantes: mínimo 10 máximo 30. Documentación: D.N.I., licenza de caza, seguro obrigatorio, Permiso de armas e guía de pertenza.



#### VI.- Modificación do gancho por parte do organizador

O titular do Tecor non poderá levar a cabo modificación algunha nas datas, número de cuadrillas, número de participantes nin calquera outra circunstancia sen a autorización expresa do Servizo Provincial de Conservación da Natureza. O incumprimento deste punto levará consigo a suspensión do gancho e a retirada da autorización dos que resten, sen prexuízo das medidas sancionadoras que poidan aplicarse.

#### VII.-Suspensión do gancho por parte do organizador

Se por calquera circunstancia algún dos ganchos autorizados non se levase a cabo na data fixada, en ningún caso poderá organizador trasladalo a outro día.

#### VIII.-Modificación ou suspensión do gancho por parte do Axente do Servizo.

Os representantes do Servizo de Conservación da Natureza, que asistan ós ganchos poderán, de forma motivada, introducir modificacións ou suspender-la realización dos mesmos.

#### IX.- Resultados

O responsable do gancho, baixo a súa responsabilidade, recollerá os resultados do gancho (celebrado ou non celebrado) de acordo co modelo que se xunta, asinándoo despois. **O impreso, debidamente cumprimentado, será remitido a este Servizo no prazo máximo de 10 días.**

#### X.- Función do responsable do gancho

Será o encargado de dirixir e ordenar o desenvolvemento do gancho.

En concreto:

- a) Cubrirá a relación de participantes, asegurándose que estes cumpren os requisitos necesarios, levándoa consigo durante o transcurso da cacería..
- b) Terá o poder de suspender o gancho en caso de que o cumprimento dos extremos referidos non poida ser garantido.
- c) Será o encargado de colocar os preceptivos precintos aos xabaris que foran abatidos, custodiando os resgardos dos mesmos unha vez que haxan sido cumprimentados os datos que se inclúen nel.

#### XI.- Responsabilidade do Titular do TECOR

O titular do TECOR responsabilízase do axeitado cumprimento das condicións da autorización e da normativa aplicable, así como das normas de seguridade.

Teranse en conta as prescricións regulamentarias que recollen as correspondentes autorizacións remitidas á sociedade en canto á observancia das medidas de seguridade e organizativas nos ganchos autorizados, tal como establecen os artigos 39, 40 e o anexo III do Decreto 284/2001, polo que se aproba o Regulamento de Caza de Galicia.

#### XII.-Prohibicións:

Lémbrense, que a normativa vixente establece, entre outras, as seguintes prohibicións:

- dar morte a femias de xabari seguidas de raións.
- portar ou usar postas ou municións de perdigóns.
- disparar contra calquera especie distinta ó xabari.

Pontevedra, 12 de agosto de 2011

A xefa do Servizo de  
Conservación da Natureza



Susana Torres Brabo